

**Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno
correspondente ó día 21 de xuño de 2021**

No Salón de Plenos do Pazo da Deputación Provincial de Ourense, o vinte e un de xuño do ano dous mil vinte e un, ás nove horas e trinta minutos, reúnese a Xunta de Goberno da Deputación, co fin de realizar sesión ordinaria en primeira convocatoria e tratar nela os asuntos que figuraban na orde do día, coa asistencia dos/as seguintes deputados e deputadas:

Presidente: D. José Manuel Baltar Blanco

Deputados/as:

D. Rosendo Luis Fernández Fernández

D. César Manuel Fernández Gil

D. Plácido Álvarez Dobaño

D. Jorge Pumar Tesouro

D. Pablo Pérez Pérez

D.^a Ana María Villarino Pardo

D.^a Luz Doportto Real

Secretario: D. Adamantino Barreiro García (vicesecretario xeral)

Interventora: D.^a Mónica Legaspi Díaz

Iniciase o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do modo que se reflicte a continuación:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 14 DE XUÑO DE 2021.- A Secretaría Xeral deu traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 14 de xuño de 2021.

Non se producen intervencións, polo que a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **adopta** o seguinte **acordo**:

- Aprobar a acta da sesión ordinaria do día 14 de xuño de 2021, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral, coa rectificación sinalada anteriormente.

2.- RESOLUCIÓN DO CONCURSO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS, EN RÉXIME DE

CONCORRENCIA NON COMPETITIVA, A PERSOAS FÍSICAS QUE LEVEN A CABO PROXECTOS EMPRESARIAIS E DE AUTOEMPREGO EN CONCELLOS RURAIS DE MENOR POBOACIÓN, NO MARCO DO PROXECTO EMPRENDOU.-

De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

Concederlles unha subvención, no concurso público de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, a persoas físicas que leven a cabo proxectos empresariais e/ou de autoemprego en municipios rurais en declive demográfico da provincia de Ourense, no marco do proxecto emprendOU, ás persoas e proxectos emprendedores que se identifican a continuación e pola contía indicada:

N.º	NOME E APELIDOS	DNI	CONCELLOS	PROXECTO	TEMPO MÁXIMO SUBVENCIÓN	IMPORTE MENSUAL SUBVENCIÓN
1	JORDI BASALO SEIJAS	****312**	OIMBRA	SERVIZOS FORESTAIS, PESCA E ACUICULTURA	Podendo ser ata un máximo de 12 meses	712,50€
2	IRIA FERNANDEZ GONZALEZ	****402**	LOBIOS	ESTUDIO DE BELEZA “SERVIZO PERRRUQUERÍA DONAS E CABALEIROS”	Podendo ser ata un máximo de 12 meses	712,50€
3	ALEZ BEMBIBRE ALVAREZ	****520**	A VEIGA	OUTROS PROF.ACTIV.FINANC.XURID.SEGUR.	Podendo ser ata un máximo de 12 meses	712,50€
4	KAREN GISELA ODRIOZOLA FERREIRA	****3597*	PADRENDA	OUTRAS ACTIVIDADES LIMPEZA	Podendo ser ata un máximo de 12 meses	712,50€
5	UXIA CID VAZQUEZ	****736**	RIBADAVIA	OUTRAS ACTIV. PROF. CIENTÍFICAS E TÉCNICAS “ENXEÑEIROS TEC. AGRICOLAS E FORESTAIS”	Podendo ser ata un máximo de 12 meses	712,50€
6	RITA PEREZ CAROU	****565**	RIBADAVIA	OUTROS PROFESIONALES INDUSTRIAS MANUFAC.	Podendo ser ata un máximo de 12 meses	712,50€

3.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE CONCURSO PÚBLICO PARA A CONCESIÓN DE BOLSAS ERASMUS RURAL INTERREG “RAIA TERMAL”, PROGRAMA INTERREG V A ESPAÑA-PORTUGAL (POCTEP) 2014-2020. FEDER.-

De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

1º.- Aprobar as bases reguladoras da convocatoria de concurso público para a concesión de bolsas Erasmus Rural Interreg “Raia Termal”, Programa Interreg V a España-Portugal (POCTEP) 2014-2020. Feder, consonte coas seguintes cláusulas:

Primeira.-Obxecto

O obxecto destas bases é a regulación da tramitación e concesión de 20 *bolsas individuais* de formación enmarcadas no proxecto RAIA TERMAL.

O proxecto RAIA TERMAL é un proxecto de desenvolvemento do destino turístico termal da fronteira galego-portuguesa, mediante a valorización dos espazos naturais termais, e a xestión e comercialización conxunta da destino. Esta cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) , programa de Cooperación INTERREG V A ESPAÑA-PORTUGAL (POCTEP) 2014-2020.

As bolsas teñen por finalidade que as persoas participante adquiran habilidades, coñecementos e competencias dentro dos sectores de actividade e recursos diferenciados e radicados na área xeográfica RAIA TERMAL, conformada polos concellos de Lobios, Bande, Muíños e Cortegada polo lado español e Terras do Bouro e Melgaço polo lado portugués, e, ao tempo, dotar ao espazo xeográfico de tales recursos humanos coa finalidade de que redunden na profesionalización e diferenciación do destino.

Segunda.- Condicións xerais

- As bolsas son improrrogables.
- A concesión e o gozo da bolsa non suporá vinculación laboral, nin civil entre a persoa bolseira e a empresa/entidade de destino de formación, nin desta coa Deputación provincial.
- A duración da bolsa será de mes e medio como máximo e desenvolverase preferentemente durando o mes de xullo e agosto do ano 2021. O tempo mínimo de formación en destino será de un mes, preferentemente o mes de agosto. A data do inicio seralle comunicada a cada persoa beneficiaria no momento da concesión da súa bolsa.
- Durante toda a duración terá un/unha titor/a individual que realizará o seguimento continuo da súa progresión formativa e atenderá as incidencias que xurdan entre o/a bolseira e a entidade/empresa da estadía formativa.
- A bolsa inclúe:
 - A percepción dunha contía económica total máxima de 1.200€ (mil douscentos euros), correspondente a estadía mínima de un mes de duración e máxima de mes e medio, durante os que se percibirá a contía de 1.200€, suxeitos a

xustificación prevista á retención que legalmente proceda.

- A titorización individualizada durante todo o transcurso do período formativo.
- Unha formación pre estadía sobre o coñecemento do destino concreto adxudicado a cada bolseiro/o e do programa que cofinancia estas bolsas.
- A percepción da contía económica está relacionada coa asistencia e desenvolvemento das funcións sinaladas dentro da bolsa de formación durante, como mínimo , un mes de formación en destino e máximo de mes e medio. As faltas xustificadas non dan lugar ao abono da bolsa.
- As persoas beneficiarias da bolsa contarán coa cobertura outorgada pola seguridade social segundo a normativa vixente en cada momento e sempre dentro dos requisitos e condicións propios deste tipo de becas.
- Será competencia desta Deputación Provincial a adxudicación de empresa para aquelas persoas seleccionadas como bolseiras, en atención ao ámbito de actividade das empresas, á adecuación dos candidatos ao programa de formación deseñado por cada entidade/empresa participante nestas bolsas.

Terceira.- Requisitos dos beneficiarios

Poderán obter bolsa os solicitantes, sempre que cumpran os seguintes requisitos:

- Estar desempleado/a e inscrito no Servizo Público de Emprego .
- Estar empadroadado/a na provincia de Ourense ou nalgún concello incluído dentro do territorio RAIA TEMAL do lado portugués (Terras do Bouro , Melgaço)
- Ter 35 anos ou menos de idade no momento de presentar no rexistro da Deputación de Ourense a súa solicitude.
- Ter formación universitaria e/ou formación profesional de grado medio ou superior obtida antes de presentar no rexistro da Deputación de Ourense a súa solicitude.

Cuarta.- Disponibilidades orzamentarias

Para as bolsas incluídas nesta convocatoria, o financiamento é da Deputación Provincial de Ourense, con cargo a partida orzamentaria 2021/31331/62705, e dotada dunha contía máxima de 28.000,00 €.

Quinta.- Solicitudes: lugar, prazo de presentación e documentación

1. As solicitudes deberanse presentar e rexistrase telematicamente, no Rexistro Electrónico

Xeral da Deputación de Ourense.

O emprego de medios electrónicos para a formulación da solicitude terá carácter obrigatorio, ao abeiro do establecido no artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, e o artigo 7.2 da vixente Ordenanza de acceso electrónico aos servizos provinciais da Deputación Provincial de Ourense (BOP núm. 296, de data 28.12.2009). Non se admitirá a trámite ningunha solicitude que se formule por outros medios, sendo obrigatoria a presentación de solicitudes por vía telemática de conformidade co previsto nesta base.

Para a presentación da solicitude terá que utilizarse o formulario normalizado que estará accesible no enderezo www.depourense.es

2. O prazo improrrogable de presentación será de 15 días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación destas bases no Boletín Oficial da Provincia. O establecemento deste prazo xustifícase pola necesidade de axilizar ao máximo a tramitación do procedemento, por mor da peculiar dificultade que supón a xestión dos períodos de formación.

3. As solicitudes deberán formularse presentando en rexistro o formulario de solicitude dirixido á Presidencia da Deputación axustada ao modelo oficial que deberá obter na páxina web da Deputación de Ourense.

Xunto co formulario de solicitude, o/a interesado/a, en atención ao previsto no artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, deberán achegar:

- a. Unha copia do DNI, ou documento identificativo, só no caso de non autorizar a súa consulta.
- b. Unha declaración responsable de non estar incurso/a nas prohibicións previstas no artigo 13 da lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, para obter a condición de beneficiario/a, substituindo esta declaración á presentación de certificacións na acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, por tratarse dun dos supostos previstos na letra e) do artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- c. Copia da súa tarxeta acreditativa de estar desempregado/a.

Se tales documentos foron achegados polo/a interesado/a ante calquera administración, deberá indicar en que momento e ante que administración os presentou, para poder obtelos electronicamente a través das redes corporativas, consultando as plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados para tal fin.

En todo caso, se por razóns técnicas e/ou informáticas non puidera ser posible a comprobación dalgún dos requisitos da persoa solicitante, a Deputación poderá solicitarlle que achegue a documentación probatoria, que será dixitalizada para ser incorporada ao expediente electrónico da solicitude. En caso de dúbida, dificultades técnicas ou necesidade de máis información, as persoas interesadas poderán dirixirse á Area de Benestar da Deputación Provincial, que lles prestará a asistencia precisa, en horario de 9.00 a 14.00 horas, de luns a venres. Esta posibilidade estará dispoñible ata as 14.00 horas do último día hábil do prazo de solicitude.

Sexta.- Procedemento de concesión

O procedemento de concesión será o de concorrencia competitiva, mediante trámite de carácter urxente, motivado pola necesidade de axilizar o procedemento para posibilitar a mellor xestión dos destinos dos bolseiros A declaración de urxencia terá como efecto a tramitación preferente do expediente e a redución á metade dos prazos de tramitación previstos na lexislación aplicable, recolléndose xa nestas bases os prazos reducidos que serán de aplicación.

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Área de Benestar procederá á instrución do expediente de comprobación da corrección da documentación administrativa achegada.

Unha vez examinada a documentación, a Presidencia poderá conceder un prazo de ata cinco días hábiles para emendar deficiencias materiais na documentación administrativa presentada. O requirimento para emendar as ditas deficiencias materiais realizarase a través da súa publicación na sede electrónica da Deputación Provincial de Ourense .

Simultaneamente á emenda de deficiencias materiais da documentación, os solicitantes deberán concorrer á realización dunha entrevista persoal cuxo obxecto será a comprobación de adecuación do solicitante ao programa.

En todo caso, a valoración das entrevistas realizadas a aqueles/as solicitantes que deban corrixir deficiencias na documentación quedará condicionada á efectiva realización da dita corrección en tempo e forma.

A data, hora e lugar da entrevista persoal daranse a coñecer mediante o seu anuncio na sede electrónica da Deputación. No día, hora e lugar das entrevistas as persoas solicitantes deberán aportar copia da titulación académica que fixeron constar na solicitude da bolsa.

Esta fase de entrevista deberá ser superada con éxito polo/a solicitante da bolsa. O obxecto é determinar a adecuación do/a solicitante ao programa en atención ao seu perfil profesional e ás empresas contactadas

Unha vez concluídas as entrevistas, o expediente pasará á comisión de valoración, que procederá a formular a proposta de resolución conforme coas regras seguintes:

- a) Con respecto aos solicitantes que non achegasen de modo completo e no prazo establecido a documentación administrativa, ou non concorresen á realización da entrevista, formularase proposta de non admisión a trámite das súas solicitudes.
- b) Con respecto ao resto de solicitudes, proporase a súa admisión a trámite, procedendo a formular proposta de valoración conforme cos criterios recollidos na base oitava destas bases.

Sétima.- Comisión de Valoración

A Comisión de Valoración estará integrada polos seguintes membros:

- Presidente: o presidente da Deputación Provincial ou deputado en quen delegue.
- Vogais:
- A interventora da Deputación ou funcionario que legalmente a substitúa.
- O vicesecretario xeral da Deputación ou funcionario que legalmente o substitúa.
- Dous técnicos da Área de Benestar, designados pola Presidencia. Un/unha dos/as técnicos/as actuará como secretario/a da comisión, coas funcións propias dun/dunha secretario/a de actas.

Oitava.- Criterios para a concesión de bolsas

A comisión levará a cabo unha selección dos solicitantes en virtude da documentación presentada e dos resultados obtidos na realización das distintas probas, de acordo cos seguintes criterios:

- Entrevista persoal, obrigatoria, de adecuación ao programa: ata 4.5 puntos.
- Empadroados/as en municipios do territorio RAIA TEMAL (Lobios, Bande, Cortegada, Muíños, Terras do Bouro ou Melgaço) : 1.5 puntos.
- Por criterios de titulación relacionada : ata un máximo de 3 puntos

- Master universitario oficial en turismo: 3
- Titulación universitaria de grado ou equivalente en turismo ou historia: 2.5 puntos
- Titulación en formación profesional grado superior en turismo ou sectores análogos: 2.5 puntos.
- Titulación de formación profesional grado medio en turismo ou sectores análogos: 2.5
- Outras titulacións universitarias e/ou de formación profesional de grado superior: 2 puntos.
- Outras titulacións de formación profesional de grado medio: 1 punto

A puntuación alcanzable neste criterio non será acumulativa, terase en conta aquela titulación que implique maior número de puntos.

- Ter unha antigüidade de máis de 1 ano como demandante de emprego: 1 punto

A valoración da entrevista persoal xustifícase pola imposibilidade de establecer criterios obxectivos para determinar de modo apriorístico a adecuación dos aspirantes ao programa. A dita valoración, en todo caso, será motivada, debendo constar documentalmente no expediente o contido da entrevista realizada. A entrevista será realizada por persoal da Área de Benestar.

A Comisión de Valoración poderá propor a exclusión da bolsa a aqueles aspirantes que na entrevista persoal manifesten unha clara inadecuación aos obxectivos do programa.

Novena.- Réxime de protección dos datos achegados coa solicitude

1.- O tratamento pola Deputación Provincial dos datos persoais achegados polos solicitantes fúndase no disposto nos apartados c) e e) do artigo 6 do Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos, así como no artigo 6.2 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección dos datos de carácter persoal, ao ser a achega dos datos e informacións esixida nestas bases necesaria para o cumprimento do disposto na lexislación xeral de subvencións, así como para a comprobación do cumprimento dos requisitos e valoración das solicitudes consonte ao indicado nas propias bases.

En consecuencia, a negativa a facilitarlle estes datos á Deputación Provincial determinará a exclusión da persoa interesada do procedemento.

2.- En cumprimento do establecido no artigo 13 do Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos, infórmaselles aos interesados do seguinte:

a) A responsabilidade do tratamento dos datos é da Deputación Provincial de Ourense, cuxo representante legal é o seu presidente, don José Manuel Baltar Blanco, con domicilio, para os efectos de notificacións, na rúa Progreso, n.º 32, 32003, en Ourense, teléfono de contacto 988317600/1 e correo electrónico: gabinete.presidencia@depourense.es.

b) Os datos do delegado de protección son: domicilio, para os efectos de notificacións: rúa Progreso, n.º 32, 32003, en Ourense e correo electrónico: dpo@depourense.es.

c) Os datos subministrados coa solicitude destínanse unicamente a garantir o cumprimento do establecido na lexislación xeral de subvencións, a comprobar que a persoa solicitante reúne os requisitos establecidos para poder ser beneficiaria/o. Ademais, e en cumprimento do establecido nos artigos 20 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, 15 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia e 8.1.c) da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia e bo goberno, a información relativa ás subvencións concedidas, alí prevista, será obxecto de publicación segundo se prevé na normativa de aplicación. Publicaranse igualmente na sede electrónica e na páxina web provincial .

As publicacións referidas manteranse durante un prazo mínimo de catro anos dende a realización da publicación, podendo, a partir dese prazo, ser suprimida de xeito motivado a publicación de oficio pola Deputación Provincial ou ben a solicitude das persoas interesadas, dirixida ao responsable do tratamento. En todo caso, as solicitudes e o resto de documentación obrante no expediente atoparanse a disposición doutras persoas interesadas no procedemento para os únicos efectos da formulación de reclamacións ou interposición de recursos que legalmente procedan contra o acto de resolución, e baixo a condición de que os datos de identidade persoal dos interesados non se poidan facer públicos.

d) A base xurídica do tratamento dos datos achegados coa solicitude é a necesidade deses datos para o cumprimento das obrigas legais que impón a lexislación xeral de subvencións, en tanto que Administración pública concedente (artigo 6.1.c) do Regulamento UE 2016/679) e, no caso dos datos para acreditación do cumprimento dos requisitos específicos da convocatoria e valoración de solicitudes, a necesidade deses datos para dar

satisfacción á finalidade de interese público perseguida con esta convocatoria (artigo 6.1.e) do Regulamento UE 2016/679).

e) Os datos subministrados á Deputación Provincial serán tratados polo persoal autorizado para a tramitación da solicitude, suxeitos ao deber de reserva salvo os referidos ao nome, apelidos e número de teléfono móbil que lle serán comunicados, no momento da concesión da subvención, á entidade financeira colaboradora, para que poida emitir a tarxeta electrónica coa contía da subvención, e tratalos, para emitir, estampar e gravar a tarxeta e cantos procesos e operacións poidan ser precisos para a activación e xestión.

Estes datos poderán ser cedidos a terceiras persoas nos seguintes casos:

- Ao resto de solicitantes ou os seus representantes legais cando así o reclamen para a formulación de reclamacións ou interposición de recursos contra o acto de adxudicación.

- A membros da corporación que o soliciten, aos xulgados e tribunais, para os efectos da resolución dos recursos xudiciais que poidan interpoñerse contra a decisión de adxudicación, así como ao Ministerio Fiscal, Valedor do Pobo, Defensor del Pueblo, Tribunal de Cuentas e Consello de Contas, na medida en que sexa necesario para o exercicio das funcións destas autoridades públicas.

- Ás persoas que o soliciten ao abeiro do disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia e bo goberno, tras o previo expediente contradictorio con audiencia da persoa interesada titular dos datos e nos termos previstos na dita lei.

f) En ningún caso se transferirán os seus datos persoais a un terceiro país nin a unha organización internacional.

g) Os datos subministrados conservaranse nos arquivos da Deputación Provincial de forma indefinida, para os únicos efectos da súa conservación conforme ao disposto na lexislación sobre arquivos do sector público e na lexislación sobre patrimonio documental cultural.

h) As persoas interesadas poderán solicitar en todo momento da Presidencia da Deputación o acceso aos seus datos, así como a súa rectificación, de ser o caso. Poderá solicitarse a limitación do tratamento dos ditos datos, referida á súa publicación, unha vez transcorrido o prazo de catro anos previsto nestas bases. Poderá formularse igualmente a oposición ao tratamento dos datos, motivada pola situación particular do interesado, nos termos previstos no artigo 21 do Regulamento UE 2016/679.

Os dereitos sinalados neste apartado poderán exercerse mediante un escrito dirixido á Presidencia da Deputación Provincial. De conformidade co disposto no artigo 20.3 do Regulamento UE 2016/679, non será de aplicación o dereito á portabilidade dos datos subministrados á Deputación Provincial neste procedemento.

i) En todo caso, as/os interesadas/os poderán formular as reclamacións que consideren oportunas en relación co tratamento dos seus datos persoais ante a Axencia Española de Protección de Datos.

j) A falla de subministración á Deputación Provincial dos datos persoais requiridos, ao constituír un requisito legal para a selección dos/as beneficiarios/as, dará lugar á súa exclusión do procedemento.

k) En ningún caso se procederá á adopción de decisións automatizadas nin á elaboración de perfís persoais cos datos subministrados, que non serán obxecto de tratamentos diferentes aos expresamente previstos nesta cláusula.

Décima .- Resolución

A proposta da Comisión de Valoración elevaráselle á Xunta de Goberno da Deputación, que adoptará o acordo de resolución no prazo máximo de tres meses desde o remate do prazo de corrección de deficiencias documentais, de ser o caso, ou desde o remate do prazo de presentación de instancias. A falta de resolución expresa no dito prazo terá o efecto dun acto presunto desestimatorio.

A resolución axustarase á proposta da Comisión de Valoración, agás naqueles supostos en que a Xunta de Goberno considere que a dita proposta incorre en infracción do disposto nestas bases ou na lexislación aplicable, en cuxo caso solicitaralle á comisión, tras os informes previos que considere oportunos, a formulación dunha nova proposta axustada ás bases e á normativa de aplicación. A comisión deberá formular esta nova proposta no prazo de quince días. No caso de non o facer así, a Xunta de Goberno resolverá conforme coa proposta inicial, introducindo as modificacións precisas para garantir o cumprimento do establecido nas bases e na lexislación vixente.

A resolución terá o seguinte contido:

- Beneficiarios da bolsa.
- destino no que cada beneficiario desenvolverá a súa bolsa.
- Lista de reserva de posibles suplentes para o caso de renuncia ou baixa cos destinos

adxudicados a estes.

Ao abeiro do disposto no artigo 59.6.b) da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, a notificación da resolución realizarase exclusivamente a través da súa publicación na sede electrónica da Deputación Provincial.

A resolución comprenderá o acto de outorgamento da bolsa e a asignación dun destino de formación

Décimo primeira.- Publicidade da concesión

O acordo de outorgamento será obxecto de publicación na sede electrónica da Deputación de Ourense, sen prexuízo da publicidade xeral das subvencións concedidas a través do Boletín Oficial da Provincia e do Diario Oficial de Galicia, conforme co artigo 5 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

Décimo segunda.- Reintegro da bolsa

No caso de incumprimento polo solicitante das condicións da bolsa por algunha das causas previstas no artigo 37 da Lei xeral de subvencións, e/ou derivadas da aceptación da bolsa e/ou da subscrición do contrato de bolsa procederase á tramitación dun expediente de reintegro do importe do pago directo da bolsa.

Sen prexuízo do anterior, no caso de producirse un abandono inxustificado da bolsa logo da súa aceptación, e/ou en calquera fase de desenvolvemento desta, a Deputación Provincial poderá reclama-los importes consumidos da bolsa ata a data de abandono, na parte non cuberta pola garantía.

Unha vez tramitado o expediente de reintegro da bolsa, concederáselle ó interesado un prazo de quince días hábiles para que poida comparecer no expediente, tomar audiencia e, á vista deste, propo-las probas e realiza-las alegacións que teña por conveniente. Concluídas estas actuacións e emitidos os informes oportunos, a Xunta de Goberno ditará a resolución que corresponda.

Décimo terceira.-Normativa supletoria

En todo o non disposto nestas bases seralles de aplicación a esta convocatoria e ás subvencións que se concedan ó seu abeiro o disposto na normativa de subvencións aplicable á Administración local, así como na lexislación vixente en materia de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, así como as obrigas ás que se comprometen as partes coa aceptación da bolsa e a sinatura do contrato de bolsa.

2º.- Aprobar a convocatoria do referido concurso e ordenar a publicación das citadas bases no BOP e na sede electrónica da Deputación.

4.- APROBACIÓN DE EXPROPIACIÓN FORZOSA PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE SANEAMENTO EN CORNEDA E FERRADAL E ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑOS EN SAN CIBRAO, OUTEIRO DE BEACÁN E OUTROS NÚCLEOS DO MUNICIPIO DA PEROXA, N.º 62/POS/2020, NO TERMO MUNICIPAL DA PEROXA.

- Unha vez visto o ditame favorable da Comisión Informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

1.- Resolver as alegacións formuladas no trámite do procedemento de información pública polos interesados e respecto ás parcelas que a continuación se relacionan:

a)

s lexítimos propietarios das parcelas 9 (polígono 43, parcela 57) e 16 (polígono 53, parcela 1335), de conformidade co disposto no artigo 24 da Lei de 16 de decembro de 1954, de expropiación forzosa, asinaron convenios coa administración que expropia, para a adquisición dos bens e dereitos afectados polo devandito expediente de expropiación nas ditas parcelas, motivo polo que procede a exclusión das citadas parcelas 9 e 16 da relación de bens e dereitos de necesaria ocupación obxecto do expediente de expropiación.

b) Por parte do Sr. alcalde do Concello da Peroxa, beneficiario da expropiación, respecto das parcelas 1, 2, 3, 5, 7, 9, 11, 12, 13, 14 e 15, incluídas na relación publicada no trámite de procedemento de información pública, solicítase que as devanditas parcelas non sexan incluídas entre os bens e dereitos de necesaria ocupación afectados polo expediente de expropiación, por ter sido adquiridas mediante acordo amigable cos seus propietarios. A este respecto debemos ter en conta que o artigo 5, parágrafo segundo, apartado terceiro, do Regulamento de expropiación forzosa, aprobado por Decreto de 26 de abril de 1957, outórgalle ao beneficiario da expropiación a facultade de acordar libremente cos expropiados a adquisición amigable prevista no artigo 24 da Lei de expropiación forzosa, motivo polo que procede estimar a pretensión do Concello da Peroxa de

excluir as parcelas 1, 2, 3, 5, 7, 9, 11, 12, 13, 14 e 15 da relación detallada de bens e dereitos obxecto de declaración da necesidade de ocupación.

- c) Alega a particular D.^a Hilda López López que xunto coa súa irmá, D.^a Elena López López son titulares da vivenda sita na parcela 17 do expediente de expropiación, como partícipes da comunidade hereditaria de D. Jaime López Lobelle, titular catastral da devandita parcela, identificada co número de parcela 15006 do polígono 42 do Catastro inmobiliario do municipio da Peroxa. A este respecto debemos ter presente o artigo 7 do Regulamento de expropiación forzosa, aprobado por Decreto de 26 de abril de 1957, segundo o cal “...unicamente serán tomadas en consideración as transmisións mortis causa respecto dos herdeiros ou legatarios”. Por parte de D.^a Hilda López López achegouse un certificado de defunción e libro de familia de D. Jaime López Lobelle, documentación que acredita o falecemento do titular catastral e a situación familiar deste, así como o nacemento e filiación das alegantes pero non a súa condición de herdeiras. Á vista da documentación presentada por D.^a Hilda López López, pode derivarse unha presunción simple de copropiedade, respecto da parcela 17 do expediente de expropiación, presunción que deberá confirmar mediante a achega do certificado do Rexistro de Actos de Última Vontade, copia autorizada do testamento ou declaración de herdeiros “sen testamento”. Por todo o exposto, procede estimar parcialmente a alegación, no sentido de incluír como presuntas copropietarias da parcela 17 do expediente de expropiación a D.^a Hilda López López e á súa irmá D.^a Elena López López.
- d) D.^a Hilda López López, respecto da parcela 17 do expediente de expropiación, efectúa as seguintes alegacións:
- Manifesta a súa oposición á expropiación ao non quedar xustificada a necesidade de ocupación alegando que “desde hai máis de setenta anos o tránsito pola estrada “Casdevil - Os Peares” se efectúa sen ningún problema, incluso por vehículos de grandes dimensións (camións do lixo, camións de transporte de materiais...)”. A este respecto debemos sinalar que, consonte co informe emitido con data 26 de abril de 2021, polo autor do proxecto, D. Daniel Durán Arriero, enxeñeiro de

camiños, canles e portos, dende un punto de vista estritamente técnico, o feito de que durante un período de tempo determinado non se rexistre sinistralidade significativa nun tramo de estrada, non exime, en ningún caso, de calquera tipo de actuación de mellora da seguridade viaria, por parte da administración pública competente.

- Expón que *“á estreitura da zona non pode xustificarse a necesidade de ocupación porque máis abaixo da súa propiedade, a estreitura é moito maior que na súa, propondo que o ensanche da plataforma teña lugar expropiando a beirarrúa do bordo oposto da estrada”*. Segundo o informe emitido con data 26 de abril de 2021, polo autor do proxecto, D. Daniel Durán Arriero, enxeñeiro de camiños, canles e portos a ocupación da beirarrúa existente no bordo oposto non implicaría dispoñer dunha maior anchura para a ampliación da estrada, senón que, ademais de afectar a un maior número de vivendas, xeraría máis problemas de accesibilidade debido á maior diferenza de cota entre a beirarrúa e a rasante da estrada. En calquera caso, a hipotética demolición do tramo de beirarrúa proposto pola alegante enfrontaría directamente a traxectoria dos vehículos que circulan en dirección á ponte do ferrocarril coa entrada ao portal dunha vivenda do entorno das obras, derivando nunha mingua maior da seguridade viaria.
- Indica D.^a Hilda López López que *“o proxecto construtivo non define o número de banzos da escaleira prevista para habilitar o acceso á súa vivenda, así como tampouco a superficie ocupada por esta. Tamén sinala que a obra proxectada non cumpre cos requisitos de accesibilidade esixidos pola normativa vixente”*. O autor do proxecto, D. Daniel Durán Arriero, enxeñeiro de camiños, canles e portos, detalla no seu informe, de data 26 de abril de 2021, que o obxecto deste proxecto é eliminar o obstáculo que supón á traxectoria dos vehículos e que supón un risco para a seguridade viaria da circulación, restaurando á súa vez o acceso ás vivendas afectadas polas obras, achegando plano acoutado de planta, alzado e sección da solución prevista no proxecto respecto da escaleira con banzo para habilitar o acceso á vivenda

propiedade da alegante.

- En último termo, *manifesta a súa oposición ao expediente de expropiación do terreo da súa propiedade e ás obras proxectadas, pola falta de xustificación da necesidade da ocupación nin cumprir as citadas obras coa normativa vixente*. A este respecto debemos sinalar que o proxecto das obras de “Saneamento en Corneda e Ferradal e acondicionamento de camiños en San Cibrao, Outeiro de Beacán e outros núcleos do Concello da Peroxa”, n.º 62/POS/2020, foi aprobado definitivamente mediante resolución número 44/2020, da Alcaldía do Concello da Peroxa, asinada con data 7 de agosto de 2020, cumprindo cos requisitos esixidos pola lexislación vixente e dispoñendo das autorizacións sectoriais esixibles.

E polo que, tendo en conta os motivos expostos, procede desestimar as alegacións presentadas pola copropietaria da parcela 17 do citado expediente de expropiación, D.^a Hilda López López.

3.- Ter por declarada a utilidade pública, de conformidade co disposto no *artigo 10 da Lei de 16 de decembro de 1954, de expropiación forzosa*, das obras de “Saneamento en Corneda e Ferradal e acondicionamento de camiños en San Cibrao, Outeiro de Beacán e outros núcleos do Concello da Peroxa”, no termo municipal da Peroxa, ao atoparse incluídas co número 62, no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal do ano 2020 (BOP n.º 62 do 16 de marzo de 2020).

4.- Acordar definitivamente, ao abeiro do disposto polo artigo 20 e seguintes *da Lei de 16 de decembro de 1954, de expropiación forzosa*, a necesidade de ocupación dos bens e dereitos necesarios para execución das obras de “Saneamento en Corneda e Ferradal e acondicionamento de camiños en San Cibrao, Outeiro de Beacán e outros núcleos do Concello da Peroxa”, n.º 62/POS/2020, cuxo proxecto foi aprobado definitivamente mediante resolución número 44/2020, da Alcaldía do Concello da Peroxa, asinada con data 7 de agosto de 2020, de conformidade co reflectido no cadro seguinte:

N.º EXPTE	POLÍG	PARC.	REF. CATASTRAL	PROPIETARIOS	CUA LIFI C.	AFECCIÓN (m ²)
4	51	9029	32060A051090290000QP	DESCOÑECIDO	RUINAS	167,35

6	68	906	2060A068009060000QS	TERESA VÁZQUEZ QUINTELA	PASTIZAL	15,27
8	50	418	32060A050004180000Q O	ANTONIO QUINTELA DOMÍNGUEZ	LABOR SECAÑO	101,83
10	53	109	32060A053001090000Q A	ROSARIO DACAL PÉREZ MARÍA DEL CARMEN DACAL PÉREZ DORINDA DACAL PÉREZ MARÍA TERESA PARADELA PÉREZ Mª LUZ PARADELA PÉREZ	LABOR SECAÑO	51,14
17	42	15006	001500600NH00A0001M A	HILDA LÓPEZ LÓPEZ ELENA LÓPEZ LÓPEZ	PLATAFOR MA DE ACCESO	11,85

5.- Notificarlles esta resolución aos interesados e ordenar a súa publicación no BOP, nun diario dos de maior difusión na provincia e no taboleiro de anuncios do concello afectado, de conformidade coa lexislación vixente.

5.- APROBACIÓN DE FIXACIÓN DE PREZO PÚBLICO PARA OS CAMPAMENTOS TEMATIZADOS DO VERÁN “EXPLORA OURENSE-ENGLISH CAMP 2021” (CAMPAMENTO DO VERÁN PARA RAPACES, QUE SE REALIZARÁ NO COMPLEXO TURÍSTICO DO CORGO, SITUADO EN MIGUEIMES-MUIÑOS), ENTRE OS DÍAS 1 Ó 6 DE AGOSTO DO 2021, PARA A PRIMEIRA QUENDA, E DO 7 Ó 12 DE AGOSTO DO 2021, PARA A SEGUNDA.-

Unha vez visto o ditame favorable da Comisión Informativa de Especial de Contas, Facenda e Economía, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

1º.- Establecer o prezo público de 88,00 euros (IVE incluído) en concepto de cota de inscrición nos campamentos tematizados do verán “Explora Ourense-English Camp 2021”.

2º.- Estarán obrigados ao pagamento deste prezo os pais ou representantes legais dos rapaces que presentasen a súa solicitude de admisión no Rexistro da Deputación.

3º.- Os/as usuarios/as dos servizos deberán facer efectivo o pagamento polo importe correspondente no momento da formalización da inscrición e, en todo caso, con carácter previo ao inicio da actividade.

4.- Nos restantes aspectos non previstos neste acordo estarase ao disposto na Ordenanza reguladora dos prezos públicos polos servizos de actividades culturais, deportivas, educativas e de ocupación de tempo libre, promovidas pola Deputación Provincial de Ourense (BOP n.º 139, do 19 de xuño de 2014).

6.- APROBACIÓN DA FIXACIÓN DE PREZOS PÚBLICOS PARA O TORNEO DE BALONMÁN QUE TERÁ LUGAR OS DÍAS 28 E 29 DE XUÑO DE 2021 NO PAZO DOS DEPORTES PACO PAZ.-

De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

1º.- Fixa-lo prezo de venda de entradas para o torneo de balonmán que terá lugar no Pazo dos Deportes Paco Paz os días 28 e 29 de xuño de 2021, no que participarán as seleccións absolutas de Exipto, Croacia e España, e tendo en conta o que dispón a Ordenanza provincial reguladora dos prezos públicos polos servizos de actividades culturais, deportivas, educativas e de ocupación do tempo libre promovidas pola Deputación Provincial de Ourense, aprobada pola Corporación Provincial na sesión do día 30 de abril de 2014, nas seguintes contías:

- Partido Croacia-Exipto: 5,00 euros.
- Partido España-Exipto: 10,00 euros.
- Bono para os dous encontros: 12,00 euros.

2º.- A Deputación Provincial de Ourense porá á venda un total de 550 entradas para cada uno dos dous partidos.

3º.- Dar conta deste acordo na Comisión Informativa Especial de Contas, Facenda e Economía, na primeira sesión que teña lugar, unha vez que as comisións informativas correspondentes ó mes de xuño xa tiveron lugar, e por non demorar máis o acordo de fixación dos citados prezos públicos.

4º.- Publica-lo pertinente acordo no BOP, para coñecemento e efectos oportunos.

7.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Á ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE SOLVEIRA PARA A ADQUISICIÓN DE MAQUINARIA E DE EQUIPAMENTO DO LOCAL SOCIAL.-

De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

Aprobar unha subvención a favor da Asociación de Veciños de Solveira, nos seguintes termos:

-Importe: 8.472,00 €.

-Obxecto: Adquisición de maquinaria e de equipamento do local social.

-Xustificación: A subvención xustificárase mediante a presentación da conta xustificativa simplificada, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente, e as certificacións de estar ao día no cumprimento das obrigacións tributarias coa Facenda Estatal, Autonómica de Galicia e coa Seguridade Social.

De conformidade co artigo 15.1 b) da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense, para considerar xustificada a subvención deberá acreditarse a realización dun investimento por unha contía igual ou superior á presentada no orzamento que serviu de base para a valoración da subvención (8.472,95 euros). No suposto en que só se xustifique unha contía inferior, a subvención reducirase proporcionalmente, agás nos seguintes supostos, nos que procederá a perda total do dereito á subvención:

a) Que a redución supoña o total incumprimento da finalidade da subvención.

b) Que a redución do orzamento da actuación executada con respecto ao presentado coa solicitude sexa tal que, de ser tida en conta na valoración efectuada para a concesión, tivese dado lugar á denegación da subvención.

Igualmente, non se considerará xustificada unha subvención cando, aínda manténdose a contía de gasto prevista, se producisen cambios ou modificacións de carácter substancial no proxecto, entendendo por tales aqueles que, de ter sido contemplados na solicitude, terían dado lugar a unha valoración inferior do proxecto, ou aqueles que consistan na realización dunha actividade esencialmente distinta á proxectada.

Naqueles casos nos que as modificacións só afecten a parte do proxecto, a subvención poderá considerarse parcialmente xustificada na parte non afectada, declarándose a perda do dereito á subvención correspondente ao resto.

En todo caso, cando a contía do gasto xustificado sexa inferior ao 25% do orzamento presentado coa solicitude de subvención, esta entenderase automaticamente como non xustificada, dando lugar ao reintegro ou perda total do dereito á subvención

Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse as facturas e xustificantes

correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificado do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, serán aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado.

Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

-Prazo xustificación: ata o 30 de outubro de 2021.

O dito prazo terá como regra xeral carácter improrrogable, agás causa de forza maior debidamente acreditada pola entidade interesada, que en todo caso deberá solicitar a oportuna prórroga antes de finalizar o prazo de xustificación establecido no acordo de resolución.

8.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Á ESCUDERÍA OURENSE PARA O RALLYE OURENSE 2021.- De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

Aprobar unha subvención a favor da Escudería Ourense, nos seguintes termos:

-Importe: 53.000,00 €.

-Obxecto: Rallye Ourense 2021.

-Xustificación: a subvención xustificárase mediante a presentación da conta xustificativa simplificada, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente.

De conformidade co artigo 15.1 b) da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense, para considerar xustificada a subvención deberá acreditarse a realización dun gasto por contía igual ou superior á presentada no orzamento que serviu de base para a valoración da subvención (180.270,00 €). No suposto en que só se xustifique unha contía inferior, a subvención reducirase proporcionalmente, agás nos seguintes supostos, nos que procederá a perda total do dereito á subvención:

a) Que a redución supoña o total incumprimento da finalidade da subvención.

b) Que a redución do orzamento da actuación executada con respecto ao presentado coa solicitude sexa tal que, de ser tida en conta na valoración efectuada para a concesión, tivese dado lugar á denegación da subvención.

Igualmente, non se considerará xustificada unha subvención cando, aínda manténdose a contía de gasto prevista, se producisen cambios ou modificacións de carácter substancial no proxecto, entendendo por tales aqueles que, de ter sido contemplados na solicitude, terían dado lugar a unha valoración inferior do proxecto, ou aqueles que consistan na realización dunha actividade esencialmente distinta á proxectada.

Naqueles casos nos que as modificacións só afecten a parte do proxecto, a subvención poderá considerarse parcialmente xustificada na parte non afectada, declarándose a perda do dereito á subvención correspondente ao resto.

